

III CERTAME DE RELATO CURTO

A Biblioteca Pública de Pontevedra Antonio Odriozola, co gallo do día das bibliotecas, organiza o terceiro certame de relato curto, que se rexe polas seguintes bases:

PRIMEIRA. Obxectivo

O obxectivo deste concurso é o fomento da creación literaria no ámbito da Biblioteca Pública, e servir como canle de difusión de novos valores.

SEGUNDA. Participantes

Poderán presentar os seus traballos as persoas maiores de 16 anos.

TERCEIRA. Tema

O tema será libre.

CUARTA. Criterios de valoración

- Orixinalidade no tratamento da temática elixida e no emprego de técnicas e figuras literarias.
- Uso correcto da gramática e da ortografía.

QUINTA. Condicións de presentación das obras

Cada participante poderá presentar un único relato. Este deberá ser orixinal e inédito, sen que fose reproducido ou difundido previamente en ningún tipo de soporte ou medio (publicacións escritas, páxinas web, redes sociais, etc.)

O idioma elixido pode ser o galego ou o castelán.

A extensión máxima admitida é de tres páxinas escritas a ordenador con fonte Arial de tamaño 11 e entreliñado de 1,5.

SEXTA. Presentación de orixinais

Os traballos poderán presentarse dun dos seguintes xeitos:

- Depositándoos no lugar habilitado no mostrador de préstamo do segundo andar da Biblioteca. O relato presentarase sen asinar e cun pseudónimo, introducirase nun sobre pechado. No exterior do mesmo o participante deberá escribir "III Concurso de Relato Breve da Biblioteca Pública de Pontevedra + o pseudónimo" e no seu interior, ademais da obra, incluírá outro sobre pechado co Anexo I cumprimentado.
- Enviándoos á Biblioteca por correo ordinario nun sobre sen remitente no que conste "III Concurso de Relato Breve da Biblioteca Pública de Pontevedra + o pseudónimo". Nel incluírase o relato breve e outro sobre pechado co Anexo I cumprimentado.

SÉTIMA. Prazo de admisión

O prazo de inscrición no certame vai dende o día 1 de setembro ata ao 8 de outubro de 2016. Fóra desas datas non se aceptará ningunha obra.

OITAVA. Dereitos de autor

A propiedade intelectual das obras é dos autores. Non obstante, os autores das obras presentadas dan o seu consentimento e autorización á Biblioteca Pública de Pontevedra Antonio Odriozola da cesión de dereitos de reprodución, distribución, difusión, exposición e comunicación pública, sen ánimo de lucro, a través dos medios e soportes que estime axeitados, para os períodos e limitacións que a lexislación actual española establece, sempre que se mencione a autoría das mesmas e sen que comporte ningún abono de dereitos aos autores nin derive, en ningún caso, beneficios económicos a favor da biblioteca.

As obras premiadas pasarán a formar parte do patrimonio da Biblioteca Pública de Pontevedra Antonio Odriozola.

Cada titular garante ser o titular dos dereitos sobre a obra presentada, polo que exime á biblioteca de calquera reclamación ao respecto.

NOVENA. Premios:

1º premio: lote de libros.

2º premio: lote de libros.

3º premio: lote de libros.

Ademais os tres traballos serán difundidos pola Biblioteca.

DÉCIMA. Xurado:

Presidenta: A Directora da Biblioteca.

Vogais: un técnico da Biblioteca e un profesional da literatura ou do mundo libreiro.

Secretario: un usuari@ da Biblioteca.

O veredicto do xurado será inapelable, podendo declarar deserto calquera premio se considera que as obras presentadas non teñen a calidade artística e o contido necesarios.

Os aspectos non previstos nesta convocatoria serán resolto pola Biblioteca Pública de Pontevedra Antonio Odriozola como organizadora deste certame e, na súa competencia, polo xurado do certame.

UNDÉCIMA. Resolución e entrega de premios:

A resolución do xurado farase pública o luns 24 de outubro, día das bibliotecas. A lista cos premiados será exposta no taboleiro de anuncios da segunda planta na Biblioteca e a través da páxina web da Biblioteca. Ademais, comunicáraselles ós gañadores.

Os traballos gañadores (e, no seu caso, aqueles que o xurado considere máis interesantes de entre os non premiados) serán promocionados pola Biblioteca Pública de Pontevedra Antonio Odriozola a través da súa web, das redes sociais e do portal da Rede de Bibliotecas de Galicia, así como na propia biblioteca.

DUODÉCIMA. Devolución de orixinais

Os traballos presentados quedarán en poder da Biblioteca Pública de Pontevedra Antonio Odriozola, que non devolverá aos seus autores os orixinais presentados nin manterá correspondencia cos participantes.

DÉCIMO TERCEIRA. Aceptación das bases

A participación no III Certame de Relato Curto implica a plena aceptación do contido destas bases e as cuestións non previstas nas mesmas serán resolto pola organización.

DÉCIMO CUARTA. Datos de carácter persoal

En cumprimento coa normativa vixente de protección de datos, requírese que os participantes cubran o Anexo II adxunto a estas bases.

DÉCIMO QUINTA. Información

Para calquera dúbida que xurda na interpretación das bases pódese contactar coa Biblioteca Pública Antonio Odriozola no mail biblio.publica.pontevedra@xunta.gal ou nos teléfonos 8866159250 e 886159245.

ANEXO I

III Certame de relato curto

Título do relato			
Nome do autor/a			
Nº DNI			
Enderezo			
Localidade			
CP			
Provincia			
Correo Electrónico			
Telf.:			

ANEXO II

Autorización

CESIÓN DE DEREITOS DE IMAXE

Eu D./Dña _____ con
DNI _____ e domicilio na _____ ,
localidade de _____, AUTORIZO á Biblioteca Pública de Pontevedra
“Antonio Odriozola” a utilizar a obra obxecto de participación no III Certame de Relato Curto, para a
súa utilización e difusión en calquera soporte publicitario físico ou dixital (páxina web, redes sociais,
e-mail, entre outros), segundo o establecido na base oitava do III Certame de Relato Curto.

Informamos ademais que os datos solicitados non serán utilizados para ningunha outra finalidade a
parte da xa mencionada. No caso do exercicio de cancelación a Biblioteca Pública procederá á
supresión da información dos servidores aínda que non poida garantir a cancelación de buscadores
pola indexación da información nos mesmos.

PROTECCIÓN DE DATOS

De conformidade coa Lei 15/1999 de Protección de Datos Persoais informásele que os datos
persoais recollidos nesta folia serán incorporados a un ficheiro, titularidade da Consellería de
Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, e inscrito na Axencia Española de Protección de
Datos, coa finalidade de levar a cabo a xestión e o control dos servizos de consulta, reproducións e
préstamo dos fondos da biblioteca. A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación
Universitaria, que ten adoptadas tanto as medidas de seguridade técnicas como organizativas, non
cederá os seus datos persoais a terceiros, salvo que exista a habilitación legal oportuna.

O interesado, así como o seu representante legal, poderá exercer os dereitos de acceso,
cancelación, rectificación e oposición por escrito e achegando identificación suficiente ao seguinte
endereço:

Biblioteca Pública de Pontevedra – r/ Alfonso, XIII, 3 - 36002 - Pontevedra - Tlf. 886 159 250 - Fax
886 159 253

www.bibliotecas.xunta.gal/pontevedra - biblio.publica.pontevedra@xunta.gal

Pontevedra, _____ de _____ de 201__

Sinatura: